

FICHA DE INSCRIPCIÓN

IX Edición do Día do Libro polos dereitos dos cativos e cativas.
Cubre a inscrición e envíanola antes do 20 de febreiro de 2017.

ID Centro

- Inscríbete na web www.savethechildren.es/centros-educativos
- Envía a ficha por email a diadellibro@savethechildren.org
- Envía por fax ao 91 552 32 72
- Chama ao teléfono 91 513 05 00

[Por favor, cubre os seguintes datos para axudarnos a preparar mellor a actividade con vós.]

Coordinador da actividade

Nome e apelidos

Email

Cargo ou materia Teléfono

Profesor participante

Nome e apelidos

Email

Cargo ou materia Teléfono

Profesor participante

Nome e apelidos

Email

Cargo ou materia Teléfono

Datos do centro (por favor, indícanos os cambios que se produzan nestes datos)

Nome

Enderezo CP

Localidade Provincia Teléfono

Email

Nº de alumnos participantes (aprox)

Profesores participantes

Materiais

Modelo de marcapáxinas

Diplomas

Carné de lector

(Por favor, sede o máis exactos que poidades nas cantidades que precisades. Deste xeito poderemos xestionar mellor os materiais. Se non precisas algún dos materiais sinaládeo cun cero na casa que corresponda.)

**Tes algunha dúbida sobre como encher a inscrición?
Contacta connosco a través do teléfono 91 513 05 00**

En virtude da Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os seus datos persoais quedarán recollidos nun ficheiro titularidade da Fundación Save the Children, con sede en C/Doctor Esquerdo, 138, 2º andar, 28007 Madrid, co fin de realizar a xestión administrativa así como para manterlle informado sobre as actividades solidarias. En cumprimento do artigo 11.1 da LOPD informámoslle expresamente que os seus datos persoais poderán serlles comunicados ás administracións públicas con competencia na materia e a terceiros con fins de investigación e mellora. Vostede pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición referindo por escrito ao enderezo indicado anteriormente.



REGA A VIDA E A EDUCACIÓN DE MILLEIROS DE CATIVOS E CATIVAS

A auga é esencial para a vida, mais para millóns de persoas ter acceso a auga potábel é cada día unha tarefa máis complexa.

Para milleiros de cativos e cativas en países coma Etiopía, Nixer ou Burkina Faso, a falta de acceso a auga potábel e limpa ten consecuencias graves para as súas vida e futuros en:

-  Saúde
-  Alimentación
-  Educación

Todos os cativos e cativas teñen dereito á supervivencia, educación e protección. Asegurando o acceso á auga potábel aseguramos o seu futuro. Precisamos de vós para facelo realidade.

O esforzo, a creatividade e a solidariedade dos vosos alumnos e alumnas teñen recompensa: contribuír a que outros cativos e cativas que viven en situacións difíciles teñan acceso a educación, auga potábel, alimentación axeitada e aos cuidados médicos que precisan. En definitiva, que teñan dereito a sobrevivir.

Foto: Jonathan Hyams/Save the Children


“Por medio das cousas pequenas podemos solucionar todo: todos os detalles, mesmo os máis pequenos, contribúen para construír algo grande. Iso é a solidariedade. Nis consiste esta iniciativa, de achegarmos un chisco con algo tan sinxelo coma un marcapáxinas, un marcador. Agora coñezo o valor e a importancia das cousas pequenas.”

Claudia Marrero, alumna de 2º ESO B El IES Doramas de Gran Canaria.

A supervivencia infantil é o noso obxectivo e para acadalo queremos contar contigo.



MARCAPÁXINAS POLA SOLIDARIEDADE



IX Edición Día do Libro Solidario

Apúntate!

MARCAPÁXINAS QUE MUDAN O FINAL DE MILLEIROS DE HISTORIAS

O 23 de abril celebramos o Día do libro. É un día para a lectura e a cultura, e moitas persoas celébrano mercando e agasallando libros cheos de historias. Propoñemos que o convertamos tamén nun día para agasallar solidariedade.

Convidámosvos a que incorporedes a creación, por parte dos alumnos e alumnas do voso centro de marcapáxinas solidario, ás actividades que xa realizades para o Día do Libro. Un pequeno xesto cun gran impacto na vida de milleiros de cativos e cativas de países empobrecidos coma Etiopía. Un marcador de libros que axuda a construír algo grande nas súas vidas.

QUE É MARCAPÁXINAS POLA SOLIDARIEDADE

É un proxecto educativo, creativo e de traballo en valores. A través dunha metodoloxía dinámica, participativa e creativa, Marcapáxinas pola Solidariedade busca a colaboración entre distintos departamentos e fomentar a participación de toda a comunidade educativa.

O centro que se inscribe recibe de balde os materiais para realizar a actividade:

- Un modelo con cinco marcapáxinas para cada alumno, que nunha das partes está en branco para que os alumnos e alumnas poidan crear, debuxar, escribir e desenvolver todo o seu talento para axudaren aos cativos e cativas máis vulnerábeis.
- Os alumnos ou alumnas poden buscar lectores solidarios entre os seus familiares e achegados para que merquen os seus marcapáxinas e para que apoien o seu esforzo e a súa iniciativa. Un carné de lector axudaralles neste obxectivo.
- O alumno recibe un diploma: a súa creatividade, esforzo e solidariedade merecen un agradecemento.
- Os marcapáxinas solidarios válese do material didáctico que completa o traballo de educación en valores e apoia o voso Día do libro.

OBXECTIVOS DE MARCAPÁXINAS POLA SOLIDARIEDADE

- Promover a educación en valores de solidariedade e cooperación cun enfoque transversal que involucre a todo o centro.
- Colaborar a través da creatividade, a lectura e a cultura cunha acción solidaria.
- Concienciar sobre o poder que temos entre todos para mudar o mundo e convertelo nun lugar máis xusto.

POR QUE PARTICIPAR EN MARCAPÁXINAS POLA SOLIDARIEDADE

A educación é a nosa prioridade. A falta de acceso á auga potábel e as secas teñen consecuencias graves no dereito á educación de milleiros de cativos e cativas en moitos lugares do mundo, coma Etiopía:

- Moitas escolas pechan temporalmente nos momentos de maior seca.
- Tanto estudantes coma mestres teñen que dedicarlle máis tempo á busca de auga, cuxa falta provoca desprazamentos cada vez máis longos e o tempo de estudo vese prexudicado.
- As secas provocan que haxa unha carencia de alimentos e as familias vense obrigadas a desprazarse para conseguiren recursos, o que provoca que os cativos e cativas abandonen as clases.
- A saúde dos menores empeora. A auga é un elemento esencial para sobrevivir.



Coa venta dos vosos marcapáxinas axudádesnos a evitar estas situacións.



Con 4€

un cativo recibe material para seguir estudando.



Con 7€

un cativo ten auga potábel nunha escola durante un mes.



Con 17€

un cativo come no colexio durante un mes.

COMO ORGANIZAR A ACTIVIDADE



1. Inscríbete

Inscribe o teu centro para recibir o material de balde. É rápido e sinxelo.



2. Recibe os materiais

Recibe os materiais para traballar a **Semana do libro** no teu centro.



3. Prepara o teu Día do Libro Solidario

Incorpora o marcapáxinas solidario ás accións que levades a cabo para celebrar o Día do libro: Un obradoiro de marcapáxinas e unha exposición para ensinalos permitirá que toda a Comunidade Educativa participe desta acción solidaria.



5. Apoia loita a prol da supervivencia infantil

Os titores ou a persoa responsable da actividade recolle os cartos obtidos polo alumnado e ingrésallo a Save the Children para os seus programas de supervivencia infantil.


4. Partilla o teu obxectivo e acada resultados

Os alumnos e alumnas conseguen lectores solidarios que contribúen ao seu esforzo e creatividade mercando os seus marcapáxinas.



6. Regala solidariedade o Día do libro

O centro educativo recibe un diploma de agradecemento e unha memoria final que recolle o resultado da actividade.



Se tes máis preguntas sobre como inscribirte e como participar, visita a nosa web www.savethechildren.es/marcapaginas ou chama ao 91 513 05 00

Colaboran:

TOURLINE EXPRESS

ctt

BE INSPIRED
Disney EDUCATION